



---

# MANUAL DO EXPOSITOR

EXPOCoruña, 10-11 maio 2025



# Como ser expositor

## Solicitud de participación

O paso previo para estar presente no Festival é a cumprimentación do formulario de Solicitud de Participación que encontrarás na seguinte ligazón:

[https://pata-pata.org/#expositores.](https://pata-pata.org/#expositores)

Unha vez enviada a solicitude correctamente, recibirás unha mensaxe de confirmación. A organización responderá no prazo máximo de 10 días ás solicitudes e enviará a factura en concepto de reserva do espazo. A reserva non quedará formalizada de non ser aboada a factura no prazo marcado.

Apresentación da Solicitud de Participación comporta a total aceptación das normas e condicións recollidas neste documento e das disposicións que con carácter xenérico fosen establecidas por EXPOCoruña e pola organización do Festival.

## Adxudicación de espazo

A asignación de espazo corresponde exclusivamente á dirección do Festival.

A organización resolverá as solicitudes presentadas segundo a seguinte orde de criterios:

1. Data da solicitude de participación.
2. Pago do primeiro vencemento.
3. Superficie solicitada
4. Sector de actividade.



# Tipoloxía de stands

## Stand xenérico

Estrutura de aluminio en cor natural.

Panelado en madeira OSB.

Cadro eléctrico de potencia limitada e punto de luz.

Rótulo identificativo de expositor.

Altura útil: 3 m

Non inclúe mobiliario



## Stand de deseño libre

Esta modalidade só inclúe o espazo de chan e unha toma de corrente básica de 500w


Se queres que nos encarguemos nós do deseño e montaxe do teu stand especial consulta condicións en [expositores@pata-pata.org](mailto:expositores@pata-pata.org)

Todas as empresas estarán obrigadas a realizar unha montaxe do seu stand que inclúa como mínimo as paredes medianas coa parede do pavillón ou con outros stands e dunha altura mínima de 2.5 m.

Descontos do 25% con respecto ás tarifas dos stands xenéricos.

Consultade todas as vosas dúbidas en [expositores@pata-pata.org](mailto:expositores@pata-pata.org).

# Tipología de stands



# Tarifas de participación

| Tipoloxía stand                          | Reserva antes do 31 xaneiro | Reserva desde o 1 febreiro |
|--|-----------------------------|----------------------------|
| Stand 3x2 (6m <sup>2</sup> )             | 359 €                       | 599 €                      |
| Stand 3x3 (9m <sup>2</sup> )             | 529 €                       | 882 €                      |
| Stand 6x2 (12m <sup>2</sup> )            | 684 €                       | 1.140 €                    |
| Stand 6x3 (18m <sup>2</sup> ) media illa | 972 €                       | 1.620 €                    |
| Stand 36m <sup>2</sup> illa enteira      | 1.836 €                     | 3.060 €                    |

| Mobiliario e complementos |      |
|---------------------------|------|
| Mostrador                 | 50 € |
| Taburete                  | 19 € |
| Estante                   | 50 € |
| Mesa redonda              | 30 € |

Os prezos non inclúen IVE.

## Asociacións e ONGs

Se sodes unha ONG, unha protectora ou asociación sen ánimo de lucro, tedes o noso apoio. Podedes optar a un stand cun desconto do 50% sobre o prezo.

## Os prezos inclúen:

- 2 pases de expositor por cada módulo de 6m<sup>2</sup>
- Convites: Os expositores poderán dispoñer de 10 entradas gratis por cada metro cadrado contratado.
- Inclusión no Listado de expositores periodicamente actualizado na web [www.pata-pata.org](http://www.pata-pata.org) e no catálogo dixital de entidades expositoras de PATA PATA. Isto permitirache preparar a túa visita á feria con antelación.
- Inclusión nos puntos de información ubicados en zonas estratéxicas da feria. Accesibles aos visitantes, con posibilidade de búsqueda de expositores e planos de localización.

## Pagos e prazos

Para stands reservados antes do 31 de xaneiro: pagarase o 50% contra emisión de factura e o resto antes do 15 de abril. Mobiliario e complementos facturaranse unha vez solicitados.

Para participar en PATA PATA é unha condición indispensable cumprir coas condicións e prazos de pago das facturas. No caso de non facerse nos prazos establecidos, o expositor perderá todos os dereitos sobre o espazo reservado quedando este a disposición da organización.

# Calendario e horarios

O Festival PATA PATA celebrarase en **EXPOCoruña** (Rúa Juana Capdevielle, 2, 15008 A Coruña), o **sábado 10 e domingo 11 de maio** de 2025.



## Horario de apertura público xeral

Sábado 10 de maio de 11h a 20h

Domingo 11 de maio de 11h a 20h

## Horario de acceso ao recinto para acreditados

Desde unha hora antes da apertura ao público

## Horario xeral de montaxe

Xoves 8 de maio de 9h a 20h

Venres 9 de maio de 9h a 14h

Por motivos de loxística e limpeza xeral do recinto, todos os expositores e empresas de montaxe deberán abandonar o recinto antes das 14h do venres 9 de maio.

## Horario xeral de desmontaxe

Domingo 11 de maio, de 19h a 22h. (unicamente material exposto)

Luns 12 de maio, de 9h a 20h

No caso de que se deixen obxectos, materiais, residuos ou lixo, o expositor deberá abonar á organización o custo da retirada e reciclaxe dos mesmos.

# Envío de materiais

## Envío de materiais

Todo aquel material que precises enviar a EXPOCoruña para o teu stand debe ser entregado a partir do xoves 8 de maio.

A organización de PATA PATA non se fai cargo das mercadorías entregadas antes desa data. As mercadorías serán xestionadas polo equipo do Festival, que as situará nun almacén destinado a tal fin. O propio expositor será o encargado da súa recollida.

Debes remitir os envíos a:

Festival Pata Pata  
EXPOCoruña  
Rúa Juana Capdevielle, 2, 15008 A Coruña

E indicar claramente no paquete:

- Nome do stand ao que se dirixe
- Nome da persoa responsable do stand
- Teléfono de contacto

# Normativa xeral

## Construción e uso do posto no recinto feiral

Todos os materiais dos que se compoñen os espazos favorécense en réxime de alugueiro, tendo que ser devoltos nas mesmas condicións nas que se instalaron. A entidade expositora quedará obrigada a facerse cargo dos danos e perdas que se ocasionen polo mal uso do material.

Queda prohibido acumular grandes cantidades de auga, o depósito ou exposición de mercadorías perigosas, explosivas ou insalubres que emitan ruídos molestos ou cheiros desagradables e elementos como:

- Moqueta non ignífuga.
- Cinta de dobre cara que deixe algún tipo de resto nos materiais construtivos propiedade da Feira.
- Material inflamable ou tóxico.

A entidade expositora quedará na obriga de facerse cargo, tamén, do cumprimento de todas as normas xerais de construción, ao estipulado na lexislación oficial vixente, así como das normas de prevención sobre riscos laborais, das que o seu descoñecemento non o exime en ningún caso das responsabilidades que leva o seu cumprimento.

## Seguros

A organización ten contratado un seguro obrigatorio de responsabilidade civil e danos materiais. Os expositores interesados en contratar unha póliza de seguros por roubo, perda ou danos terán que contratala individualmente coa compañía que desexen.

## Vixancia

A organización farase cargo da seguridade xeral do recinto as 24 horas do día, mais non sei fai responsable en ningún caso do material e os obxectos depositados polos expositores nos seus stands. Os expositores terán que ocuparse da vixancia do seu stand e do material exposto durante as horas de apertura da feira e durante a montaxe e desmontaxe.

O servizo comezará o xoves 8 de maio ás 8h e rematará o domingo 11 ás 20h.

## Limpeza

A organización encargárase da limpeza xeral do recinto e das instalacións durante a feira (zonas comúns, recollida



de contedores, recollida selectiva do vidro...). A limpeza de cada stand irá a cargo do expositor.

### **Vendas e actividade no posto**

O teu espazo en PATA PATA está á túa enteira disposición para a realización das actividades que consideres de cara aos teus obxectivos como asistente. O expositor debe responsabilizarse do cumprimento das medidas de seguridade e sanitarias nestas actividades.

Está permitida a venda de produtos relacionados coa actividade de cada expositor, así como a realización de actividades nos postos sempre que estas non sexan amplificadas e garantan a correcta convivencia dentro do recinto.

Queda terminantemente prohibida a exposición, o consumo e a venda de bebidas alcólicas con graduación superior aos 15 graos.

### **Actividades de animación**

Os expositores terán que informar á organización das actividades programadas, descripcións e horarios antes do 30 de abril de 2025, así como de animacións, efectos visuais, sonoros, ruídos e música no seu propio stand. Todas estas accións terán que autorizarse dende a organización, a cal se reserva o dereito a limitar, prohibir, restrinxir ou suspender calquera actividade se considera que pode interferir no bo funcionamento da feira sen que o exopositor teña dereito a reclamar ningunha

indemnización.

### **Accións promocionais**

Queda totalmente prohibida toda acción promocional e publicitaria fóra dos límites do propio stand sen o consentimento da organización.

### **Imaxe de marca**

A organización ten dereito a utilizar o nome do expositor e a imaxe da marca ou logo en todos aqueles actos de promoción e comunicación da feira antes, durante e despois da celebración da mesma.

A organización terá dereito a fotografar e/ou filmar as instalacións, os stands e todos os produtos expostos e a utilzalos en calquera dos seus soportes comunicativos (web, elementos gráficos, publicacións da feira, vídeos promocionais, etc.).

### **Sinalización e accesos**

Respectarase en todo momento a ubicación dos elementos de sinalización, aparatos contra incendios, alarmas, saídas de emerxencia, caixas de luces e corredores. Queda totalmente prohibido empregar as saídas emerxencia como entradas e saídas do recinto. Unha vez iniciada a feira, as portas de emerxencia só poderán ser utilizadas en casos xustificadas.

# Cancelacións e modificacións

Se PATA PATA fose cancelado por causas de forza maior alleas á organización, reintegraranse as cantidades aboadas.

A organización resérvase o dereito por necesidade ou forza maior de modificar a superficie e/ou o espazo adxudicado en calquera momento sen ningún tipo de indemnización nin compensación para o expositor.

O expositor ten que comunicar á organización a renuncia de participación no Festival PATA PATA con suficiente antelación. A baixa ou cancelación do stand unha vez contratado non dá dereito á devolución do pago efectuado.

Cando a renuncia se produza dentro dun prazo inferior ou igual a 60 días da celebración do evento, a organización poderá reclamar o pago total do espazo, aínda que este espazo sexa ocupado por outro expositor.

A incomparecencia do expositor ao evento que non fora comunicada á organización coa debida antelación poderá ser motivo suficiente para impor unha demanda por danos e perxuízos contra o expositor, sen que poida reclamar o pago xa efectuado.

A organización poderá expulsar a aqueles expositores que incumpran gravemente ou de xeito continuado as condicións xerais de participación sen que estes teñan dereito a ningunha reclamación posterior.

# Contacto

Coordinación de expositores  
e secretaría técnica

**Irene Sineiro**

[expositores@pata-pata.org](mailto:expositores@pata-pata.org)

+34 633 28 84 46



**ouvirmos**

